



BANDO

AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN LINGUAS ESTRANXEIRAS

Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña

FAGO SABER:

Que se publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) número 49, do 11 de marzo de 2011, a Orde do 8 de marzo de 2011 pola que se convocan **axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2011**, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.

BENEFICIARIOS

Alumnado que estea cursando 6º de educación primaria, 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria, 1º ou 2º de bacharelato e ciclos formativos de grao superior

REQUISITOS

- Ter superadas todas as áreas, materias ou módulos no curso 2009-2010
- Ter acadado no curso 2009-2010, unha cualificación mínima de ben, para o alumnado de educación primaria, e de 6 para o de educación secundaria obrigatoria, de bacharelato e de ciclos formativos, na área, materia ou módulo de lingua estranxeira que se vai perfeccionar na estadía.
- Non ter concedida, neste curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.

SOLICITUDES E PRAZO

As solicitudes remitiranse ao Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria coa documentación que se especifica no artigo 6 da dita Orde.

O **prazo** de presentación de solicitudes **rematará o 11 de abril de 2011**.

INFORMACIÓN

Para máis información chamen ao concello ao teléfono 981 687 001 en horario de 08.00 a 15.00 horas.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Mesía, 28 de marzo de 2011

Asdo.